


## Cooperación Familias

Para conseguir a mellora do rendemento académico do alumnado é indispensable a implicación da familia na actividade académicas dos fillos e fillas. Algunhas actuacións que as familias poden realizar cos seus nenos e nenas para colaborar na mellora do seu progreso escolar son as seguintes:

- Realizar un seguimento sistemático da súa actividade escolar.
- Supervisar a realización das tarefas escolares e actividade de estudo que se lles encomenden.
- Establecer rotinas de traballo para fomentar a creación de hábitos de estudo estables.
- Ler con eles a diario desde moi pequenos e promover a lectura diaria a idades máis avanzadas.
- Realizar sinxelos xogos matemáticos e de cálculo mental.
- Estimular a súa curiosidade por temas que proveñan do mundo da ciencia, da literatura, da historia, da arte e da cultura en xeral.

## CONTACTO



**Titora:** Dona M<sup>a</sup> del Carmen Vicente Cordo

**Horario Titorías:** Martes 17:30—18:30

(previa cita)

**Aula :** Ao6 Planta Primeira



ORIENTACIÓNSCURRICULARES 2014-2015

Breve guía para as familias

Rúa do Peirao nº 3 - C.P. 36320 Chapela. Redondela



App: Ceip de Laredo—Google Play (Android)

Web: [www.ceipdelaredo.com](http://www.ceipdelaredo.com)

Teléfono - Fax: 986-451049

Correo: [equipodirectivo@ceipdelaredo.com](mailto:equipodirectivo@ceipdelaredo.com)



# CEIP de Laredo





## LINGUA GALEGA/CASTELÁ

**Ao finalizar o 4º curso de EP o seu fillo/a debería saber, alomenos:**

- Relatar acontecementos, describir persoas, animais, obxectos e lugares. Memorizar e recitar poemas
- Ler textos adecuados a súa idade coa entoación e ritmo correctos
- Comprensión lectora acorde coa súa idade e curso
- Ser quen de expresarse a través de distintos tipos de textos; conto, noticia, carta, texto expositivo... utilizando normas ortográficas básicas (maiúsculas, signos de puntuación...) e escribindo correctamente o vocabulario traballado.
- Diferenciar conceptos gramaticais básicos; nome, adxectivo, verbo, suxeito e predicado.
- Recoñecer sinónimos e antónimos.
- Ser quen de utilizar o dicionario.



## MATEMÁTICAS

**Ao finalizar o 4º curso de EP o seu fillo/a debería saber, alomenos:**

- Ler e escribir números naturais menores de 7 cifras
- Cálculo: sumas, restas, multiplicacións (por máis de dúas cifras) e divisións por dúas cifras
- Resolver problemas nos que precisemos 2 ou máis operacións
- Coñecer e aplicar o concepto de fracción
- Suma e resta de números decimais
- Utilizar o Sistema métrico decimal
- Medida do tempo e diñeiro
- Clasificar e medir ángulos
- Identificar polígonos e corpos xeométricos (esfera, cubo, prisma, cilindro, cono...)
- Ser quen de extraer información dunha gráfica



## CIENCIAS

**Ao finalizar o 4º curso de EP o seu fillo/a debería saber, alomenos:**

- Coñecer a paisaxe e as características da poboación de Galicia
- Identificar as funcións vitais do home
- Clasificar os animais polas súas características e funcións vitais
- Recoñecer características básicas das etapas históricas traballadas: prehistoria, romanos, a época dos cabaleiros e navegantes,...



## INGLÉS

**Ao finalizar o 4º curso de EP o seu fillo/a debería saber, alomenos:**

- Recoñecer oral e escrito os números ata o 100, o abecedario, describir persoas e animais, accións que se realizan diariamente (na escola, deportes, tempo de lecer...), lugares dunha cidade, deportes, a hora...
- Comprensión de textos orais de dificultade crecente conectados cos intereses dos nenos/as.



### Indicadores de Avaliación

Por norma xeral, en todas as materias, serán os seguintes:

- |  |                    |
|--|--------------------|
| - Probas Obxectivas (orais e escritas) | - Traballo na aula |
| - Realización de tarefas propostas     | - Actitude         |

\*Importante destacar, na área de lingua inglesa, se traballan e avalían as catro destrezas por igual: (listening, reading, writing and speaking).